

# **ECONOMÍA DE EMPRESA**

## **CONTIDOS , SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS MESMOS**

### **1ª AVALIACIÓN**

#### **1.- A empresa**

- 1.1.- Concepto de empresa. A creación de valor.
- 1.2.- Os elementos da empresa.
- 1.3.- Funcións e obxectivos da empresa.
- 1.4.- A empresa e a/o empresaria/o.
- 1.5.- As concepcións sobre a empresa.
- 1.6.- A responsabilidade social da empresa.
- 1.7.- As áreas de actividade da empresa.
- 1.8.- A función directiva.
- 1.9.- Plan de empresa: presentación do promotor e idea de negocio

#### **2. A actividade comercial**

- 2.1.- O mercado. Clases. Estudos de mercado. Forzas competitivas de Porter.
- 2.2.- A orientación da empresa.
- 2.3.- A segmentación do mercado. Criterios.
- 2.4.- A investigación de mercados.
- 2.5.- O *Marketing-Mix*
  - 2.5.1.- O produto. Utilidades dun produto.
  - 2.5.2.- A distribución.
  - 2.5.3.- A promoción.
  - 2.5.4.- O prezo. Variables de que depende.
- 2.6.- Plan de empresa: o plan de marketing (análise do mercado e plan de marketing-mix da empresa).

#### **3. Marco externo da empresa e a dimensión e localización empresarial.**

- 3.1.- O Contorno da empresa.
- 3.2.- A localización da empresa. Criterios.
- 3.3.- O tamaño das empresas. Criterios para establecer a dimensión empresarial
- 3.4.- O crecemento empresarial.
- 3.5.- A globalización e a internacionalización empresarial
- 3.6.- Influencia das TICs na empresa
- 3.7.- Plan de empresa: localización e tamaño da empresa

#### **4. A produción**

- 4.1.- A actividade produtiva. A cadea de valor.

- 4.2.- A adquisición de tecnoloxía.
- 4.3.- Eficiencia ou produtividade.
- 4.4.- Os procesos de produción.
- 4.5.- A produción e os custos
- 4.6.- Análise Custo - Beneficio. Punto morto ou limiar de rendibilidade.
- 4.7.- Programación, avaliación e control de proxectos
- 4.8.- Efectos da produción.
- 4.9.- Plan de empresa: O plan de produción (calculo de custos de produción e punto morto)

## **2ª AVALIACIÓN**

### **5. A xestión das existencias** (empezarase a explicar na 1ª avaliación)

- 5.1.- Os inventarios. O volume óptimo de pedido.
- 5.2.- Sistemas de valoración das existencias: LIFO (teoría), FIFO, PMP (teoría e práctica).

### **6.-A función de organización**

- 6.1.- A estrutura organizativa.
- 6.2.- A organización formal. O organigrama
- 6.3.- Os grupos na empresa. A organización informal
- 6.4.- A dirección na empresa.
- 6.5.- Plan de empresa: plan organizativo da empresa.

### **7. O patrimonio empresarial**

- 7.1.- O patrimonio empresarial. Elementos e masas patrimoniais
- 7.2.- A ecuación fundamental do patrimonio
- 7.3.- A contabilidade
- 7.4.- As contas anuais da empresa
- 7.5.- Balance social
- 7.6.- Análise económico financeiro da empresa
  - a.- O fondo de rotación e o Período medio de maduración.
  - b.- Análise de balances: Análise financeira
  - c.- Análise económica
- 7.7.- Plan de empresa: O Plan financeiro: o patrimonio da empresa, amortizacións do inmovilizado, balance e conta de resultados previsionais.

## **3ª AVALIACIÓN**

## **8.-O financiamento da empresa**

8.1.- O autofinanciamento por mantemento e por enriquecemento.

8.2.- O financiamento externo:

a. Recursos propios: capital e subvencións

b. Recursos alleos: financiamento a curto (créditos de funcionamento: factoring, créditos e préstamos a curto prazo, aprazamento de pagos e desconto de efectos) e longo prazo (créditos de financiamento: empréstimos, leasing, créditos e préstamos a longo prazo)

8.3.- Plan de empresa: O Plan financeiro: fontes financeiras a empregar pola empresa

## **9. Os investimentos. Métodos de selección.** (empezarase a explicar na 2ª avaliación)

9.1.- Concepto de investimento

9.2.- Métodos de selección de investimentos:

a. Estáticos: método dos fluxos netos de caixa e do Pay-Back

b. Dinámicos: método do Valor Actual Neto e da Taxa Interna de Rendibilidade.

9.3.- Plan de empresa: viabilidade financeira da empresa.

## **10.-Clases de empresas**

10.1.- Clasificación das empresas

10.2.- Clases de sociedades segundo a titularidade xurídica (requisitos de constitución, características, órganos sociais,...):

- Empresario individual.

- Sociedades civís.

- Sociedade colectiva.

- Sociedade comanditaria.

- Sociedade de Responsabilidade Limitada.

- Sociedade Anónima. As accións e as ampliacións de capital.

- Sociedade Anónima/ Limitada Laboral.

- Cooperativas.

10.3.- Plan de empresa: forma xurídica da empresa.A función de organización

## **11.- Dereito mercantil, fiscal e laboral.**

11.1 Dereito fiscal:

-Os tributos: elementos e tipos.

-O I.V.E., o I.R.P.F. , o I.A.E. e o I.S.

11.2.- Dereito laboral:

-Dereitos dos traballadores.

-A acción sindical.

-O contrato de traballo: tipos, salario, xornada, suspensión e extinción.

11.3.-Dereito mercantil: normas contables, propiedade industrial e defensa dos consumidores.

## **AVALIACIÓN**

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

A avaliación será formativa.

#### **Valorarase:**

**1)** A **participación** do alumno/a no desenvolvemento das sesións (incluída a asistencia ás clases e a puntualidade), a calidade das súas intervencións, a realización dos traballos e actividades propostas pola profesora tanto a realizar na aula como na casa, o respecto polos/as compañeiros/as e profesora, e polas opinións dos demais, aínda que non coincidan coas súas. Valorarase cun máximo dun punto na nota de cada alumno/a, tanto en cada avaliación como na nota final, á alza (actitudes positivas) ou á baixa (actitudes negativas), que normalmente servirá para establecer o redondeo da nota acadada polo alumno/a segundo se especifica nos criterios de cualificación.

**2)** O Plan de empresa: os contidos do mesmo avaliaranse a través dun **traballo** que individualmente ou por grupos realizarán os alumnos seguindo as instrucións da profesora e que na súa maior parte realizarán fóra do horario lectivo. Á finalización de cada tema que teña contidos relativos ó citado plan, os alumnos terán un prazo máximo indicado pola profesora (normalmente unha semana) para entregar á parte do Plan de empresa indicado nos contidos do tema. Este traballo valorarase en función da súa presentación, contidos, consistencia e congruencia dos mesmos, e o razoamento dos alumnos na toma de decisións, entre 0 e 1 punto en cada avaliación. O traballo presentado e non realizado polo alumno/a (copiado doutros, baixado de internet,...), considerarase non presentado, e unha falta de respecto a compañeiros e profesora.

**3)** As **probos escritas** que se realizarán durante o curso. A utilización por parte do alumno/a de calquera método ou aparello que supoña copiar ou facer algún tipo de trampa na realización de calquera proba escrita implicará o suspenso con nota de cero na mesma. Estas probas poderanse realizar fora de horario lectivo (especialmente no caso de alumnado do réxime ordinario) , principalmente as de recuperación tanto de avaliacións como de pendentos)

### **Criterios de cualificación**

Periodicamente faranse as probas escritas que a continuación se indican para valorar o grado de comprensión e de asimilación dos contidos desenvolto:

#### **1ª Avaliación:**

Faranse 2 probas escritas.

A *primeira* será dos temas 1 e 2. En cada tema haberá preguntas teóricas cun valor total de 5 puntos por tema, indicándose o valor de cada unha na proba.

A *segunda* será dos tema 3 e 4. Haberá preguntas teóricas cun valor total de 5 puntos indicándose o valor de cada unha na proba, un exercicio práctico de produtividade cunha puntuación total de 1.5 puntos, un exercicio práctico de cálculo de custos de 1 punto e outro exercicio práctico de cálculo e representación do punto morto de 2,5 puntos .

A nota da avaliación calcularase multiplicando a nota acadada na primeira proba escrita por 0.3, a da segunda por 0.6 e sumándolle á suma das dúas notas a un máximo dun punto polo traballo. A avaliación estará aprobada se a nota así calculada supera o 5, e o/a alumno/a obtivo os mínimos na teoría e practica que máis adiante se indican na NOTA 1.

Ó alumnado que non supere unha nota final de 5 ou non chegue ós mínimos, terá dereito a unha proba de recuperación ó comezo da seguinte avaliación sempre que, ou teña aprobada algunha proba escrita da avaliación (nese caso so terá que recuperar os contidos da proba escrita suspensa) ou teñan unha nota media superior a 3.

### 2ª Avaliación

Faranse dúas probas escritas:

A *primeira* será dos temas 5 e 6. Constará de un exercicio práctico do método de Wilson de 2 puntos e un exercicio de xestión de almacéns (FIFO e/ou PMP ) cun valor de 3 puntos e de preguntas teóricas cun valor de 5 puntos indicándose na proba escrita o valor de cada pregunta

A *segunda* será do tema 7. Constará dun exercicio sobre Balances e a súa análise, valorado en 4 puntos, un exercicio da Conta de Resultados e a súa análise, valorado en 2,5 puntos , e de preguntas teóricas valoradas en 3, 5 puntos.

A nota da avaliación calcularase multiplicando a nota da primeira proba escrita por 0,45, a da segunda por 0.45 e sumándolle á suma das dúas notas un máximo dun punto polo traballo

Se é igual ou superior a 5 e o/a alumno/a obtivo os mínimos na teoría e practica que máis adiante se indican na NOTA 1, a avaliación estará aprobada. En caso contrario, e ó comezo da 3ª avaliación faráselles unha proba escrita de recuperación a aqueles alumnos que tivesen unha nota igual ou superior a 3 ou algunha proba escrita aprobada (nese caso so terá que recuperar os contidos da proba escrita suspensa).

### 3ª Avaliación

Faranse dúas probas escritas:

A *primeira* dos temas 8 e 9. Constará dun exercicio práctico de selección de investimentos cun valor de 5 puntos e de preguntas teóricas cun valor de 5 puntos indicándose na proba escrita o valor de cada pregunta

A *segunda* será dos temas 10 e 11 constará de preguntas teóricas cun valor de 10 puntos,

A nota da avaliación calcularase multiplicando a nota de cada proba escrita por 0,45 sumándolle á suma das dúas notas un máximo dun punto polo traballo. A avaliación

estará aprobada se a nota así calculada supera o 5, e o/a alumno/a obtivo os mínimos na teoría e practica que máis adiante se indican na NOTA 1

Ó final da 3ª avaliación haberá unha **recuperación final** a que se poderán presentar aqueles alumnos que a esas alturas do curso teñan materia pendente de recuperar .

NOTA 1: No cálculo da nota de cada avaliación, o alumnado terá que ter unha nota mínima en cada unha das probas escritas do 25% da nota de teoría e doutro 25 % da nota de cada exercicio práctico. De non chegar a estes mínimos terán a avaliación suspensa e que recuperar a materia suspensa.

NOTA2: as probas escritas de recuperación terán unha estrutura e ponderación dos temas semellante ás precedentes, pero á hora de calcular as medias das avaliacións, cando se recuperen temas suspensos, se terá en conta que unha nota de entre 9 e 10 na recuperación equivale a un 7 cara a media, unha nota de entre 7 e 8 equivale a un 6 e unha nota entre 5 e 6 equivale a un 5.

A **nota final** do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións (sempre que se cumpra cos mínimos da nota 1 en cada proba escrita. De non acadarse o/a alumno/a estará suspenso/a).

### Setembro

Os alumnos que non aproben a disciplina en maio terán unha proba escrita en setembro que terá un formato similar o da proba de selectividade , 4 preguntas teóricas curtas de 0,75 puntos cada unha, unha pregunta teórica longa de 2 puntos, e dous exercicios de 2,5 puntos cada un. Para aprobar a disciplina en setembro o/a alumno/a terá que ter unha nota mínima 5 puntos cos seguintes mínimos: 2.5 puntos en teoría e un 1,25 mínimo en cada exercicio. A nota máxima que os alumnos poderán quitar na proba escrita de setembro será de 7 seguindo os mesmo criterio ó respecto que nas probas escritas de recuperación.

Nota: se algún alumno/a non acada a nota media mínima de 5 en maio para superar a materia pero ten dúas avaliacións aprobadas, en setembro poderá escoller entre ter unha recuperación da avaliación suspensa cunha estrutura semellante á realizada no curso, ou facer a proba escrita xeral de setembro sobre os contidos de todo o curso. No primeiro caso, a puntuación máxima que o alumno/a pode obter nesta proba escrita é a mesma que a das probas escritas de recuperación.

### **Mínimos esixibles para ter unha cualificación positiva**

1. Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais.
2. Identificar os factores externos (poderes públicos, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, localización industrial, relación co medio ambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.

3. Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, sinalando as súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e describir o proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo.

4. Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variables que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa.. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen os posibles conflitos entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudables, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.

Coñecer as distintas partidas de custos que ten unha empresa e a necesidade de establecerlle controis.

Entender o conceptos de punto morto, a importancia da xestión de existencias e o seu cálculo.

5. Identificar os elementos patrimoniais dunha empresa e elaborar un balance abreviado interpretando o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados e detectando posibles desequilibrios. Elaborar unha conta de perdas e ganancias simplificada e sinxela diferenciando os distintos tipos de gastos e ingresos e a súa influencia nos resultados e viabilidade da empresa.

6. Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como de analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de acudir ó mercado financeiro e a súa viabilidade.

7. Describir/ (diferenciar de outras) a estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións e organización informal dunha empresa ou organización.

8. Entender a necesidade da orientación marketing e do marketing-mix para o bo funcionamento e supervivencia de empresa, así como o seu significado e aplicacións.

9. Coñecer e interpretar normas moi básicas do dereito mercantil, laboral e fiscal que afectan ás empresas e traballadores.